

NÚMERO 13/18

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE NOVIEMBRE DE 2018.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e nove de novembro de dous mil dezoito, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotel, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusou a súa ausencia o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-

Apróbanse por maioría, con quince votos a favor e a abstención da sra. Bolaño, as actas das sesións nº 11/2018, de 27 de setembro de 2018 e nº 12/2018, de 25 de outubro de 2018.-

2º.- Posta a disposición da Deputación provincial de A Coruña de terreos para execución de beirarrúas na estrada dp-5812 en Meirás.-

O sr. Alcalde dá conta da súa proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa Xeral, de poñer a disposición da Deputación provincial de A Coruña terreos para execución de beirarrúas na estrada DP-5812 en Meirás, conforme ás reunións mantidas cos técnicos da Deputación da Coruña ao respecto e unha vez localizadas polos servizos técnicos municipais as fichas necesarias para que o Concello puidese acordar cos propietarios a cesión das parcelas necesarias para a execución de beirarrúas na estrada de titularidade da Deputación da Coruña DP-5812 en Meirás, Sada, no treito Pq 1+118-1+810, por considerar que dita actuación é de interese municipal, dado que permitirá unha maior seguridade peonil, no marco dos deberes de colaboración entre Administracións Públicas sinalados nos artigos 141 e 142 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.-

Debatido o asunto con intervención de D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D. Ernesto Anido Varela e sr. Alcalde, en harmonía co ditame da Comisión adóptase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete abstencións do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Poñer a disposición da Deputación provincial de A Coruña os terreos para as obras de execución de beirarrúas na estrada DP-5812, achegándolle as actas de cesión que se teñan subscrito cos correspondentes propietarios.-

2º.- Facultar a Alcaldía para realizar todos os trámites precisos para o desenvolvemento deste acordo, incluída a remisión á Deputación da Coruña das actas que se vaian subscribindo con posterioridade ao mesmo e posta a disposición dos terreos.-

Control de Órganos de Goberno:

3º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 22-10-2018 a 26-11-2018.-

4º.- Moción do grupo PP para a obtención de terreos e aprobación definitiva do Plan Especial do Porto para dar alternativa á supresión da área portuaria de aparcamento.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, o sr. Anido presenta a moción do grupo PP relativa á obtención de terreos e aprobación definitiva do Plan Especial do Porto para dar alternativa á supresión da área portuaria de aparcamento.-

Efectuada votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, procedendo o sr. Anido á súa exposición.-

Sométese o asunto a deliberación, intervindo D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez e o sr. Alcalde.-

O sr. Montouto, polo grupo Sadamaioría, presenta unha emenda á totalidade da moción, que quedaría redactada nos seguintes termos:

“1º.- Instar a Portos de Galicia a que subsane inmediatamente o desaxuste do contido, tanto gráfico como normativo, do Plan Especial do Porto de Sada en relación co PXOM, manifestado polo Concello

de Sada, para que unha vez recabados e comprobados os informes sectoriais favorables o Pleno do Concello aprobe definitivamente o Plan Especial do Porto de Sada.-

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde para que faga as xestións necesarias para cumprir o presente acordo”.-

Efectuada votación da dita emenda, resulta a mesma aprobada por unanimidade, quedando adoptado en consecuencia o seguinte acordo:

1º.- Instar a Portos de Galicia a que subsane inmediatamente o desaxuste do contido, tanto gráfico como normativo, do Plan Especial do Porto de Sada en relación co PXOM, manifestado polo Concello de Sada, para que unha vez recabados e comprobados os informes sectoriais favorables o Pleno do Concello aprobe definitivamente o Plan Especial do Porto de Sada.-

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde para que faga as xestións necesarias para cumprir o presente acordo.-

5º.- Rogos e preguntas.-

A sra. García Freire fai dous rogos:

1) Que se axilice o aboamento do segundo prazo das axudas para o transporte escolar universitario e non universitario do ano escolar pasado, pendentes de pago desde o mes de agosto.-

2) Que se dispoña algunha medida de regulación do tráfico para atender a saída do IES Isaac Díaz Pardo, como ocorre con outros centros, xa que isto preocupa na comunidade escolar.-

O sr. Tellado, en relación cun incidente promovido polo actual goberno municipal para a inexecución da sentenza que anula un acordo da Xunta de Goberno Local do 21-10-2005 polo que se lle outorgou á entidade “O Meu Lar SL” licenza para construír dous edificios de 58 vivendas, pregunta se se ordenou ao técnico municipal pasar inspección ao edificio a legalizar para comprobar, tal como indica o Xulgado, se a edificación cumpre a legalidade vixente. O sr. Presidente manifesta que se lle contestará por escrito.-

O sr. Anido pregunta por que ao concelleiro Emilio Gómez se lle atenden todas as súas esixencias de maneira inmediata e a el e ao seu grupo non se lles atende nin se lles dá acceso a determinados expedientes necesarios para a súa defensa no Xulgado. O sr. Presidente contesta que ten dado a orde expresa de facilitar a calquera concelleiro ou concelleira desta Corporación o acceso a todos os expedientes para poder defenderse no Xulgado.-

A sra. Bolaño, en relación cos rogos da sra. García Freire, reconece a lentitude na tramitación das axudas e di que xa está canalizado e entende que resolto o asunto. No referente ao caso do IES Isaac Díaz Pardo di que xa ten trasladado á Alcaldía esa petición, aínda que pola mañá é complicado contar con efectivos de maneira regular porque hai unha coincidencia de horarios para o control do tráfico.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html